

AZOS

BOLETÍN DA CIG-SAÚDE O SALNÉS. NÚMERO 2. OUTONO 2017



**NON Á SUPRESIÓN
DAS ÁREAS SANITARIAS**

Feijoo quiere roubarnos a nosa saúde



CIG

Confederación Intersindical Galega

- SI Á AREA SANITARIA DO SALNÉS, NON AOS VAMPIROS DA SANIDADE
- COMPARATIVA: LEI 2008 DE SANIDADE VS. ANTEPROXECTO
- ASI PURGA FEIJÓO OS MÉDICOS QUE DEFENDEN A SANIDADE PÚBLICA
- OPINIÓN: CATALANÓLOGOS

CATALANÓLOGOS

Madialeva

Desaparecida das sobremesas Venezuela (curiosamente cando o bolivarianismo volve vencer na enésima elección, con 18 das 23 gobernacións en xogo), o exército cuñadil, a petar forte na barra do bar facendo vibrar copas de *Soberano* e anís *A mi la Legión*, lanzouse presto a erguer a bandeira do anticatalanismo.

Pouco importa que sobre Catalunya apenas coñezan catro tópicos, a fin de contas tampouco sabían situar Venezuela nun mapa e aí os tiñas, amagando con teses doutorais entre chupito e chupito.

Porque, non nos enganemos, pouco diferenza existe entre falar de Venezuela ou Catalunya. Se no primeiro caso berraban polo democracia, a se laiaren das supostas dificultades para votar, no segundo, seguen a berrar polo democracia, concretamente polos dereitos democráticos das porras para bateren constitucionalmente nos millóns de persoas que querían votar.

Ademais, as posíbeis lagoas que verbo de Catalunya poidan ter este exército cuñadil fican máis que compensadas coa moi veraz, moi imparcial e para nada interesada información que a maioría das empresas de información trousan sobre Catalunya.

Xa nos contaron os prosmas que son estes cataláns, a adoutrinaren crianzas no odio a Naranjito e Manolo “*e/ del bombo*” e ensinándolles nas escolas as últimas tendencias en Kale-Borroka. En fin, a este paso non sería en absoluto sorprendente atopármonos unha maña cun titular a catro columnas na Voz semellante a este: “Os cataláns secesionistas comen nenos”.

Estes catalanólogos seica están súper preocupados e non menos indignados polas *nonseicantas* empresas que abandonaron Catalunya. Que isto é un desastre, que uns dirixentes lunáticos están traendo o caos... Pois ben, preguntarlalles aos catalanólogos galegos, que hai unha mancha deles, que opinan sobre o feito de que máis de 450 empresas deixaran Galiza nos últimos catro anos. Supoño que uns calarían con xesto contrariado, mentres que outros moitos, a aferraren o cubata cun sorriso de papafilloas, negarían o dato, aducindo que se a Voz e o Faro non dixeron ren diso, non pode ser certo. Ademais, por que carafío ían liscar de Galiza todas estas empresas cando os nosos dirixentes galegos, arre demoj, outra cousa non serán mais “muy españoles y mucho españoles” sonche abondo.

CITAS: ALBERT MEMMI



No conflito lingüístico que vive o colonizado, a súa lingua materna é humillada, esmagada. E este desprezo, obxectivamente fundado, acaba por facelo seu. Por propia iniciativa vai afastar esta lingua enferma, ocultala aos estraños, a mostrarse cómodo só na lingua do colonizador.

AZOS

Azos é unha publicación da CIG Saúde da comarca do Salnés.

***Para contactar connosco
escríbenos a:
CIG.Salnes@sergas.es***

***Se queres colaborar con artigos,
ideas ou críticas coa revista AZOS
podes escribir a:
azos@cig-saude.info***

SI Á ÁREA SANITARIA DO SALNÉS NON AOS VAMPIROS DA SANIDADE PÚBLICA

«*Baixa o lobo polo ollo do bosco...* », así deixou escrito o bardo do Caurel, Uxío Novoneyra, e así pensabamos encetar estas poucas verbas sobre a nova Lei de Sanidade que o PP quer aprobar. Mais a pensármolo mellor, é obvio o moi inxusto que sería compararmos o lobo, coa súa dignidade, beleza e afouteza á hora de defender á súa manada, coas actuais personaxes que dirixen a Xunta e, por extensión, o Sergas.

Aos (des)governantes deste país, esa **lamacentia mestura de arcaicos señoritos de casino con caciques “old style” de toda a vida**, acáelles mellor a comparación antropomórfica cos vampiros ou *banyamas*, como o pobo Bemba de Zambia chamaba e chama os colonos occidentais.

E se entre os vampiros saliente aquel que deu a coñecer o irlandés Bram Stoker, Drácula, entre o exército de vampiros que nos desgovernan sobresaie por méritos propios a figura de Feijóo. O primeiro zugaraba con frenético deleite o sangue das súas presas, mentres que Feijóo, semella que co mesmo éxtase que cando andaba de gallofeiro co seu compi-yogui Marcial Dorado, o *Farlopa*, non deixa pasar ningunha oportunidade para zugar da cousa pública, con especial zuna na sanidade. E como mostra, o “Anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, de Saúde de Galiza”, todo un mísil contra os xa moi minados contrafortes que sustentan a Sanidade Pública Galega.

De se aprobar o decreto, unha das principais consecuencias negativas será a supresión da Área Sanitaria do Salnés, xunto coas de Monforte, A Mariña e O Barco, o que agravará o afastamento que desde 2009 o goberno do vampiro Feixóo ven realizando

cos servizos sanitarios nas zonas periféricas. **O único criterio que prima para reelaborar o mapa sanitario é o dos negocios**, en ningún caso os criterios xeográficos, demográficos, laborais, epidemiolóxicos, culturais, climatolóxicos e de dotación de vías de comunicación, que son os que a actual Lei Xeral de Sanidade recolle para a delimitación das áreas sanitarias.

E, claro, así como Drácula non era moi de debater coas súas vítimas antes de lles zugar o sangue, tampouco Feixoo é amigo de crear grupos de traballo para debater as necesidades reais para mellorar a calidade sanitaria, pois a el, como vampiro, o que lle preocupa é ir desmantelando a cachiños a Sanidade Pública Galega.

Desde a CIG exiximos a retirada deste anteproxecto e a elaboración dun novo que vincule as xerencias coas áreas sanitarias, xestionando cada centro hospitalario de forma integrada coa súa Primaria. E isto obriga non só á non eliminación das catro áreas sanitarias, senón a creación das Áreas do Barbanza, de Cee e de Verín, cumprindo cos criterios que marca a actual lei.

Dilles NON aos vampiros da sanidade pública de Galiza.
NON Á SUPRESIÓN DAS ÁREAS SANITARIAS!!



LEI 2008 DE SAÚDE

vs.

ANTEPROXECTO

O Anteproxecto presentado pola Xunta para modificar a Lei 8/2008 de Saúde de Galiza suporía, no caso de se aprobar, un grave deterioro da calidade sanitaria do noso país. Por un lado, ao fulminar catro áreas sanitarias, minguaría as xa limitadas capacidades das comarcas e dos seus hospitais de referencia, mentres que por outro lado, ampliaría o negocio das empresas privadas de saúde, poñendo ao servizo da industria os servizos máis importantes dos grandes hospitais.

CARA A UN SISTEMA ASISTENCIAL

LEI 2008

ANTEPROXECTO

Amplía a definición de saúde, a incluír aspectos psíquicos e sociais, recoñecendo o dereito de todas as persoas que residen nos concellos galegos á protección da saúde e a asistencia sanitaria.

Implica un sistema estritamente asistencial para unha parte da cidadanía.

RETROCESO NA ATENCIÓN PRIMARIA

LEI 2008

ANTEPROXECTO

Enceta o camiño para a reforma da Atención Primaria, para que esta adquira o papel que merece, incrementando os medios diagnósticos e as capacidades resolutivas.

Nin aparece nomeada a Atención Primaria, ao tempo que incrementa o poder de certos hospitais.

ATAQUE AO EMPREGO PÚBLICO

LEI 2008

Implanta a definición de Empregado Público, valorando e valorizando a dedicación ao sistema público.

ANTEPROXECTO

Amplía, a través das Novas Axencias creadas pola Xunta para xestionar o sangue, os transplantes, a formación ou a investigación e innovación, a laborización do persoal, pasando a ser máis dependente, cunhas peores condicións laborais e perdendo o dereito á carreira profesional. Tamén aumenta a discrecionalidade e o enchufismo na contratación, a incidir na posibilidade de acceso ao sistema a través da libre designación (sen a considerar unha vía excepcional) e legalizando novos itinerarios profesionais, que inclusive poden chegar a ser personalizados.

PULO Á PRIVATIZACIÓN

LEI 2008

Non inclúe dentro do sistema público de saúde galego as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos privados.

ANTEPROXECTO

Blinda as privatizacións, facendo desaparecer as delimitacións entre público e privado.

MÁIS AUTORIDADES SANITARIAS

LEI 2008

Só os cargos públicos dependentes da Consellaría son autoridades sanitarias.

ANTEPROXECTO

Poden ser autoridades sanitarias os xerentes e inclusive directivos de organismos de xestión persoal como Galaria ou os institutos de investigación asociados a multinacionais. Isto implica un grave risco para a calidade sanitaria se pensarmos no poder das Autoridades Sanitarias en temas como: rexistro de profesionais, sistema de información sanitaria, publicidade, tráfico de produtos, inspeccións, expedientes ou o control da actividade asistencial prestada polas aseguradoras.

RISCO PARA A VIDA SAUDÁBEL

LEI 2008

Recoñece o dereito da cidadanía ás medidas de protección que propicien a adopción de estilos de vida saudábeis.

ANTEPROXECTO

Blinda o control do sistema por parte de organismos mixtos con grande presenza, sobre todo da industria farmacéutica, mais tamén da alimentar, como a Fundación Ramón Domínguez, patrocinada por Nestlé e presidida por Eloina Núñez, curmá de Feixóo.

GOLPE Á PARTICIPACIÓN CIDADÁ

LEI 2008

Recoñece o dereito da cidadanía á participación na xestión do sistema público de saúde a través dos órganos de participación comunitarios.

ANTEPROXECTO

Introduce modificacións na composición e funcións dos Órganos de Participación Cidadá no Consello de Saúde de Galiza e nos Consellos de Saúde de Área, que fan inviábel calquera control previo á aprobación e execución do Plan de Saúde, contratos, concertos, subvencións, Memoria Anual, proxecto de orzamentos, prestación e carreira de servizos.

ASÍ PURGA FEIJÓO OS MÉDICOS QUE DEFENDEN A SANIDADE PÚBLICA

Juan Oliver

Público, 06/11/17

Tradución propia

O Goberno de **Alberto Núñez Feijóo** realizou unha auténtica purga na clase médica galega despoxando dos seus cargos a media ducia de xefes de Servizo de varios hospitais que podían resultar incómodos para executar os seus plans de recortes e privatizacións na sanidade pública. Desde que o PP chegou ao poder en 2009, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) anulou os procedementos polos que foron substituídos, declarando ilegais os seus ceses ou obrigando a realizar de novo as oposicións amañadas que permitiron colocar no seu lugar a persoas afíns a esa formación.

A última sentenza é do pasado 26 de outubro, e anula o concurso que privou da súa praza a **Víctor Pedreira**, xefe de Psiquiatría do CHOP desde 1982 e quen foi destituído o mesmo día en que cesou como subdirector xeral de Saúde e Drogas da Xunta que presidía o socialista Emilio Pérez Touriño. Tanto a xuíza de primeira instancia como o TSXG fallaron que aquela oposición estaba viciada cun evidente “desvío de poder” destinado a entregar o posto ao doutor Isaura Gómez Tato. Consideran probado que o tribunal non era imparcial, senón hostil a Pedreira, e que a nova xerencia do CHOP modificou e agochou os baremos de avaliación para que o primeiro obtivera unha puntuación superior.

A purga no CHOP encetou ás poucas semanas de que Feijóo gañara as eleccións autonómicas de abril de 2009 e empezara a aplicar unha drástica redución do orzamento sanitario. A Pedreira chegoulle a notificación do seu cese o 22 de maio, moi pouco despois de que o Sergas nomeara xerente do hospital

a **José Manuel González**, quen fora o derradeiro conselleiro de Sanidade da Xunta de Manuel Fraga.

Pedreira non foi a súa única vítima. Ese mesmo mes, vinte días antes, González destituíra a **Enrique Vázquez Astray**, xefe do Servizo de Dixestivo e pouco despois, tamén en maio, a **Enrique Temes**, xefe de Pneumoloxía. En outubro do 2012, o TSXG anulou a destitución de Vázquez Astray, declarándoa contraria a Dereito e acusando a Xunta de actuar con “mala fe” e cuestionar inxustamente “a súa honra e prestixio profesional”. Un ano despois, o mesmo tribunal devolveu a súa praza a Temes e anulou a oposición regalada ao doutor Antonio Pena, ao entender que tamén fora amañada para prexudicar ao primeiro.

O proceso non se limitou ao CHOP. No CHUAC a purga tamén desprazou a **José María Borro**, xefe de Cirurxía Torácica, que foi destituído por denunciar ante a xerencia do hospital que outros médicos do seu departamento estaban derivando pacientes a clínicas privadas onde os operaban de cancro cargándolles a factura aos seus seguros privados. A Xustiza tamén revogou o seu cese. Como revogou o de **Evaristo Varo**, xefe de Cirurxía Dixestiva do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, quen foi cesado naquel mes de maio de 2011 noutra oposición que o TSXG considerou manipulada e que entregou a praza a Manuel Bustamante, o marido de **Rocío Mosquera**, a primeira xerente do Sergas de Feijóo e que sería nomeada conselleira de Sanidade poucos meses despois.

Baixo o seu mandato estoupou o escándalo pola negativa do Sergas a proporcionar o tratamento que necesitaban varios enfermos de hepatite C, nun asunto motivado polos recortes, aínda pendente de resolución xudicial e polo que a Fiscalía acusa de homicidio imprudente a dous altos cargos da

Consellaría de Mosquera. Feijóo negouse a destituílos e inclusive afirmou no Parlamento de Galiza que o proceso contra eles é “indigno”. [...]

“Un bon xefe de servizo nun hospital é o que exige medios, o que reclama máis persoal, o que che pide mellorar as cousas, porque esa é a forma de aumentar a calidade asistencial”, explica **Pedro Soler**, quen fora xerente de Primaria en Mallorca e tamén, por esta orde, dos hospitais de Burgos, Pontevedra, Ourense e O Salnés. Chegou a Galiza en 1994, xusto após a transferencia á Xunta das competencias de sanidade. Fichárono Romay e Feijóo e mantívose á fronte do Hospital do Salnés durante o Goberno bipartito do PSOE e o BNG até que o Sergas o destituíu, tamén en maio de 2009.

O Goberno de Alberto Núñez Feijóo realizou unha auténtica purga na clase médica galega

Coñece ben ao presidente da Xunta, quen, asegura, “non cre na Administración pública. Coida que o sector privado é máis eficaz e funciona mellor”. E lembra que ter “comisarios políticos” nas xerencias dos hospitais e nas xefaturas de Servizo facilita tamén facer un uso incontrolado do orzamento sanitario. Soler é delegado en Galiza da Confederación Estatal de Sindicatos Médicos e fundados con varios dos médicos purgados da Asociación Batas Brancas, que acaba de denunciar perante o Consello de Contas de Galiza que o CHOP

continúa a pagar facturas millonarias a empresas privadas por valor moi superior ao custe real e cuxa concesión xa expirou.

En 2009, o orzamento da sanidade galega era de 3.766 millóns de euros. Feijóo reduciuno no 2010 a 3.728 millóns, excluindo o investimento en prevención en materia de drogadiccións que a Xunta incluíu como investimento sanitario para camuflar os recortes, que continuaron nos seguintes anos e que non se recuperaron desde aquela (en 2017 o Sergas contou con 3.588 millóns de euros).

Esas cifras quizais explican por que os médicos que defenden a sanidade pública resultan incómodos para a Xunta de Feijóo.

“Practicamente xa non fica nin un daqueles xefes de Servizo. É unha verdadeira desfeita, porque son xente extraordinariamente preparada e formada que levou a Galiza a ser unha das comunidades punteiras en atención sanitaria”, engade Pedro Soler.

Víctor Pedreira dirixía a unidade de Psiquiatría do CHOP desde 1982. Fundouna el, e foi a primeira de Galiza que principiou a rexistrar ingresos hospitalarios de pacientes afectados por patoloxías psiquiátricas. Até daquela, eran estigmatizados, e con eles a psiquiatría como ciencia médica, enviándoos directamente ao manicomio sen ter en conta que algunhas enfermidades podían ser síntomas dunha doenza física, como un tumor cerebral, ou que ambas podían revelarse ao mesmo tempo.

[...] José María Borro, o ex xefe de Cirurxía Torácica do CHUAC, móstrase doído polo trato recibido. A Xunta de Fraga fichouno en 1998 para que comezara a aplicar na Coruña as técnicas que empregaba con pacientes de cancro de pulmón en Valencia. Após quince anos de traballo, e por denunciar que outros médicos se estaban a lucrar enviando pacientes do Sergas ás súas clínicas privadas, o Colexio de Médicos chegou a sancionalo cunha

multa de 2.000 euros e suspensión de colexiación, unha medida que foi revogada o pasado ano polos tribunais nunha sentenza que asegura que aquel castigo foi inxusto e carente de fundamento, xa que Borro se limitou a cumprir a súa obriga. “É un funcionamento mafioso. Curtan a cabeza de quen non se adapte, como castigo e advertencia ao resto”, defende Borro, hoxe presidente de Batas Brancas.

É un funcionamento mafioso. Curtan a cabeza de quen non se adapte, como castigo e advertencia ao resto

Tamén foi unha fichaxe **Evaristo Varo**, xefe de Cirurxía Dixestiva en Santiago e quen chegou a Galiza en 1994 desde o hospital Reina Sofía de Córdoba, con Romay e Feijóo na Consellaría de Sanidade, para pór en marcha os programas de transplante de fígado, ril e páncreas da capital galega. Varo tamén é profesor da Universidade de Santiago, mais nin iso nin a súa experiencia profesional impediron o seu cese para que o seu cargo o ocupara un adxunto ao que formara e que estaba casado coa xerente do Sergas de Feijóo. O TSXG anulou a oposición en que perdera a praza porque o tribunal non era imparcial e tiña o “designio” de “postergar un candidato e primar outro”.

Esa persecución tamén a padeceu Enrique Vázquez Astray, xefe de Dixestivo do CHOP cesado polo ex conselleiro José Manuel González. Coida que o xerente do CHOP foi a por el por lle advertir que non se pregaría ás medidas que quería impor para cumprir cos obxectivos económicos tras os recortes orzamentarios, e por cuxo

cumprimento obtiña un plus económico. “Era o único que importaba e todo o supeditaba a iso”, sinala.

Continúase premiando, namentres, aos que colaboran na desfeita, como ao substituto de Vázquez Astray, o doutor **Juan Turnes Vázquez**, quen acaba de ser nomeado membro do Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galiza, ou a José Manuel González, quen dirixiu o CHOP até febreiro deste ano, cando a presión de sindicatos, colexio de médicos e asociacións de pacientes e de profesionais sanitarios obrigou a Xunta a destituílo. Segundo Batas Brancas, continúa cobrando o seu soldo malia non ser sometido ao preceptivo período de reciclaxe para volver á práctica médica após anos dedicado a unha xestión hospitalaria completamente politizada.

Máis exemplos: o primeiro xerente do CHUAC nomeado por Feijóo foi **Alfredo García Iglesias**, coordinador do programa electoral do PP en materia sanitaria e quen figuraba nas listas desa formación nas últimas municipais. O seu actual substituto, Luis Verde, forma parte da executiva do PP de Pontevedra. E a xerente do CHUS é **Eloína Núñez**, curmá do presidente da Xunta e quen ocupaba até febreiro pasado a xerencia do complexo hospitalario de Ourense.

A purga que levou por diante algúns dos médicos máis prestixiosos de Galiza principiou hai anos, cando Feijóo chegou ao poder, mais mantense con el malia a xustiza fallar unha e outra vez en contra da Xunta, e de que serán os contribuíntes galegos os que asuman o pago das costas xudiciais e das indemnizacións que se puideren derivar. O proceso non finou. Hai tres semanas, o catedrático **Arturo González Quintela** foi afastado da xefatura de Medicina Interna do CHUS e a súa praza asignada a un médico con moita menos experiencia, méritos e prestixio profesional. A súa única opción foi recorrer aos tribunais. A súa avantaxe, que estes xa deixaron sobrada xurisprudencia ao respecto.

Non á supresión das áreas sanitarias

Necesitamos un mapa sanitario que garanta a igualdade e a equidade no acceso aos servizos

O PP pretende dismantelar a sanidade pública nas zona mais illadas, concentrando servizos para favorecer a súa privatización.

Distanciar os servizos sanitarios provoca desigualdade, recortes, e afecta á saúde das persoas.

A proposta do PP dificulta o traballo dos órganos de representación sindical e desvaloriza a participación da cidadanía.

A atención primaria continúa a ser esquecida polo PP.

O acceso á sanidade pública en condicións de equidade ten que ser un dereito, non un privilexio.

A Mariña

Monforte

O Barco

Salnés

Feijóo quiere roubanos a nosa saúde

